

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 16.

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día VINTE E SEIS de DECEMBRO de 2018, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

- 1.- Actas anteriores:** (ordinaria do 31.10.2018).
- 2.-** Comparecencia de D^a Elisa M. Ausín Rodríguez para explicar a situación actual da Atención Primaria e dos PACs na Área de Vigo. Rexistro Pleno 1933/1101.

Ditames das comisións informativas:

FOMENTO, LIMPEZA E CONTRATACIÓN

- 3.-** Alteración da natureza xurídica da parcela municipal denominada "Edificio Rectorado". Expte. 20170/240 (Rexistro Pleno 1929/1101)

ORZAMENTOS E FACENDA

- 4.-** Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2019. Expte. 55/142 (Rexistro Pleno 1930/1101).

URBANISMO

- 5.-** Aprobación do texto inicial do convenio urbanístico de Planeamento a subscribir pola Xerencia Municipal Urbanismo e a mercantil PRECISGAL COMPONENTES S.L. respecto de terreos da súa propiedade, localizados na estrada Subida o Monte Alba. Expte. 1054/400 (Rexistro Pleno 1934/1101).

Mocións:

- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando á rebaixa nun 50% da peaxe da autoestrada AG-57 entre Vigo-Baiona, que permita un maior emprego da mesma e a mellora da seguridade viaria e o

desconxestonamento doutras vías. Rexistro Pleno 1940/1101.

- 7.-** Moción do grupo municipal Socialista, instando o presidente da Xunta a por fin a súa estratexia política de confrontación coa cidade e de boicotear tódalas iniciativas propostas por este goberno, así como outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1941/1101.

PARTE DE CONTROL

- 8.-** Dar conta de resolucións da Alcaldía. Expte. 491/1102 (Rexistro Pleno 1936/1101).
- 9.-** Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as. Expte. 492/1102 (Rexistro Pleno 1937/1101).

Mocións.

- 10.-** Moción do grupo municipal de Marea de Vigo, instando ao goberno municipal a convocar a Comisión de Vixilancia da Contratación e cumprir co obxectivo do acordo plenario de xaneiro de 2016 e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1935/1101.
- 11.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal a incorporar ao Concello ao “Programa de Vivendas Baleiras”, así como a axilizar os prazos de tramitación da RISGA. Rexistro Pleno 1938/1101.
- 12.-** Moción do grupo municipal do Partido Popular, instando ao goberno municipal a realización dunha auditoría externa sobre o conxunto do Estadio Balaídos, especialmente gradas de marcador e gol, e outros acordos complementarios. Rexistro Pleno 1939/1101.

13.- Formulación de rogos.

14.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SEIS, para resolver os asuntos da devandita

relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica
O SECRETARIO XERAL DO PLENO,
José Riesgo Boluda.